

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CENTRO AUTORIZADO PROFESIONAL DE MÚSICA DE
TORROSO-MOS
CURSO: 4º GRAO PROFESIONAL
MATERIA: TROMPA
DEPARTAMENTO: Vento metal e percusión
DATA:12/05/2020

ÍNDICE

Índice	1
1. Obxectivos e contidos imprescindibles	2
Curso: 4º de grao profesional.....	2
2. Avaliación e cualificación	4
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	6
4. Información e publicidade.....	7

1. OBXECTIVOS E CONTIDOS IMPRESCINDIBLES

CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

- Dominar a técnica (escalas, arpejos, escala cromática e intervalos) ata seis alteracións e iniciar o estudo das posibilidades sonoras e expresivas da trompa.
- Utilizar os coñecementos musicais e a técnica traballada ata este curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo e afinación.
- ~~Interpretar en público un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.~~
- Coñecer dunha forma básica as convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música e mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.
- ~~Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras, de dificultade adecuada a este nivel.~~
- Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.
- Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudos e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado, desenvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de autocrítica e participar nas actividades programadas.

Contidos

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Escalas maiores, menores, arpejos e intervalos de memoria en todas as súas modalidades, ata seis alteracións;
- Estudo do rexistro agudo. Escala cromática. Intervalos de quinta e sexta, picados e ligados.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 8	CENTRO: CENTRO AUTORIZADO PROFESIONAL DE MÚSICA DE TORROSO CURSO: 4º G.P. MATERIA: TROMPA
--	---------------	--

- Afondamento en todo o referente á articulación e á transposición.
- Estudo do perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica.
- Estudo das pedais de Do a Do cromáticamente, picados e ligados.
- Iniciación ao estudo de ornamentos (trinos, mordentes e apoiaturas), o transporte e o son tapado (bouche).
- Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: obras de estudo propostas, e diferentes solos de orquestra do repertorio sinfónico e operístico para trompa.
- Adestramento da memoria e práctica da lectura a vista, a través do estudo de escalas, arpexos, estudos e obras programadas no curso.
- Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.
- Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.
- ~~Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comportamento e a participación nas actividades programadas.~~

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 8	CENTRO: CENTRO AUTORIZADO PROFESIONAL DE MÚSICA DE TORROSO CURSO: 4º G.P. MATERIA: TROMPA
--	---------------	--

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	Procedementos: - Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, ata o estado de alarma. - Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto ata o decreto do estado de alarma. - Exposición do traballo realizado mediante as audicións realizadas previas ó estado de alarma. - Durante o estado de alarma a maneira de avaliar será mediante clases vía telemática, e a consecución dos obxectivos propostos para o trimestre, a isto engádeselle os envíos de audio e vídeo cando a profesora así o solicite.
	Instrumentos: – Como ferramentas de avaliación empregase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo de aula, ata o decreto do estado de alarma, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, durante os trimestres que fose posible realizala de maneira presencial.
Cualificación final	Alcanzase unha cualificación positiva na 1ª , 2ª avaliación e na final, se o alumno-a conseguiu superar os criterios de avaliación establecidos nesta programación. O resultado do proceso de cualificación da 1ª e 2ª avaliación exprésase con cualificacións numéricas, en escala do 1 ao 10. Dado que o proceso de avaliación é continuo a nota final será a do 2º



	trimestre... ademais disto terase en conta o traballo realizado vía telemática o longo do terceiro trimestre, o rendemento nas clases en relación cos obxectivos plantexados, e a mellora e implicación no traballo persoal. En relación a isto, o alumnado poderá ampliar a nota final ata un punto, baixo o criterio da docente e dependendo da implicación nas tarefas anteriormente citadas.
Proba extraordinaria de setembro	O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de xuño terá a opción de realizar a proba extraordinaria de setembro. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos. (No caso de que exista a posibilidade de realizalo de forma presencial).
Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación: NON APLICA
	Criterios de cualificación: NON APLICA
	Procedementos e instrumentos de avaliación: NON APLICA



3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE(RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

Actividades	Envío de forma telemática das actividades requeridas no terceiro trimestre, reflexadas na programación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para o alumnado con conectividade proporanse varios métodos para a consecución dos contidos plantexados no trimestre, como por exemplo as clases online a través de diferentes plataformas como poden ser: Zoom, skype, Jitsymeets etc. Outro método complementario ou alternativo segundo o caso concreto de cada alumnado serán os audios ou vídeos vía whatsapp. Para o alumnado sen conectividade manterase o contacto vía telefónica, indicando os pasos a seguir e os exerciciosrequeridos, matendo o contando por esta vía de forma preferiblemente semanal.
Materiais e recursos	Páxina Web e plataforma do Centro (CentrosNet), tamén se usan outras aplicacións móbiles como Whatsapp, Zoom, Skype, Teams....e comunicación telefónica.



4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	O Centro encargarse de subir as adaptacións das programacións á plataforma educativa do mesmo Centro informando deste procedemento ás familias onde o van poder consultar no momento que o precisen.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro e na plataforma CentrosNet.